



Premios a Proxectos de Formación
Permanente do Profesorado 2017



Premios PFP

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convocou os Premios a Proxectos de Formación Permanente do Profesorado 2017 dirixidos aos centros docentes que participaron nos plans de de formación permanente do profesorado implantados en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso escolar 2016/17.

O obxectivo desta convocatoria é valorar a participación de grupos de docentes en proxectos de formación en centros que afecten cualitativamente ao ámbito organizativo e/ou de xestión dos centros, á contorna familiar e institucional ou á elaboración e uso de recursos multimedia interactivos, que promovan novas formas de pensar, novas formas de traballar e novas ferramentas de traballo.

Preténdese dar recoñecemento ás boas prácticas na formación permanente do profesorado e fomentar que os centros docentes desenvolvan, a través destes plans, aqueles aspectos que permitan a actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais do profesorado para a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares.

Concedeuse un premio ao mellor proxecto de formación de cada CFR/CAFI, consistente nunha asignación extraordinaria de 2000€ sobre o concedido para o desenvolvemento do PFPP no curso 2017/18.

D. Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, remitiu unha carta de felicitación ao CEIP Francisco Vales Villamarín polo recente Premio a Proxectos de Formación Permanente do Profesorado 2017.

“A adquisición continua de novas competencias ao longo de toda a vida e a capacidade de estar abertos a novos retos constitúen activos de máxima importancia, neste mundo globalizado e en cambio constante.”

“Parabéns porque o voso quefacer diario contribúe a dar visibilidade ás boas prácticas docentes e a fomentar que máis centros leven adiante programas que incentiven novas formas de pensar, novas metodoloxías de ensino e novas ferramentas.”

“Gustaríame que transmitiras as felicitacións ao conxunto do alumnado e do profesorado participante no proxecto, porque uns centros en permanente formación representan unha peza clave para facer máis grande ao sistema educativo.”

MOITAS GRAZAS a todos os implicados en que este premio chegase a nós. Non cabe dúbida de que é un estímulo para seguir mellorando!